

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL ASÍ COMO AS LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E A CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO.

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto deste prego é contratar os servizos que se describen no apartado A do cadro de características do contrato, consonte ás condicións que se especifican no prego de prescricións técnicas.

De acordo co apartado 1 do Prego de prescricións técnicas, trátase da contratación do servizo de telefonía fixa e móbil, así como das liñas de datos para acceso a Internet, e a creación e mantemento das infraestruturas necesarias para a correcta prestación do servizo, nas instalacións dependentes do Concello de Teo.

2. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato consisten na consecución dunha rede corporativa completa que satisfaga o interese xeral, proporcionándolle aos veciños un servizo de atención ao público axeitado, así como acadar un aforro na factura correspondente a este servizo.

3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O prezo do contrato ascende a 60.000,00 € anuais, IVE incluído, é dicir, 49.586,78 e máis 10.413,22 € de IVE.

O valor estimado do contrato, tendo en conta que a duración será de 3 anos, prorrogables por 1 ano máis, ascende a 198.347,11 €.

Na contratación deste servizo entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas incluíron dentro das mesmas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co disposto no artigo 87.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 e segundo o modelo de oferta económica que se inclúe neste prego.

4. FINANCIAMENTO.

As obrigas económicas que se derivan para o Concello do cumprimento do contrato fináncianse no Presuposto do Concello con cargo á aplicación 2018 920/222.00.

En todo caso, tal e como sinala o artigo 174.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no suposto de tratarse dun gasto plurianual a realización do mesmo queda subordinada ao crédito que para cada un dos exercicios autoricen os respectivos orzamentos do Concello.

5. PAGAMENTO DO PREZO.

O pagamento do prezo do contrato realizarase por factura expedida de legal forma, previa aprobación polo órgano competente.

Conforme co establecido na disposición adicional 33ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, a factura presentárase no Rexiro municipal correspondente.

6. RÉXIME XURÍDICO D CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.

Sen prexuízo do disposto co carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse polo Real Decreto exislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contrato do Sector Público, polo Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ao Real Decreto Lexlativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contrato do Sector Público e polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Ademais do presente prego trán carácter contractual os seguintes documentos:

- prego de prescricións técnicas.
- documento no que se formalice o contrato.

Os citados documentos debían ser asinados polo adxudicatario simultaneamente á sinatura do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á xecución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O adxudicatario obrigarase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

7. PRAZO DE DURACIÓN D CONTRATO.

O prazo de execución do contrato establécese en tres anos con posibilidade de prórroga por 1 ano máis, contados desde o día a sinatura do contrato administrativo ou na data que expresamente se indique no mesmo. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro dos prazos de implantación establecidos no prego de prescricións técnicas.

A prórroga deberá ser solicitada, no seu caso, antes do remate de período inicial de 3 anos.

8. PROCEDEMENTO DE ADJUDICACIÓN.

O procedemento de adjudicación será o aberto e de tramitación ordinaria, de conformidade co establecido nos artigos 157, 161 do RDL 3/2011, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Xustifícase a elección do procedemento aberto posto que se trata, segundo o establecido no artigo 138.2 do RDL 3/2011, o procedemento ordinario de adjudicación.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos tal e como establece o artigo 10 do RDL 3/2011.

9. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

Garantía provisional: non sesixe.

Garantía definitiva: 5% do importe de adjudicación, IVE excluído.

10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Están facultadas para contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das prohibicións de contratar que sinala o artigo 60 RDL 3/2011 e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional ou, nos casos nos que se esixa no RDL 3/2011, se atopen debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, debendo dispoñer dunha organización con medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, de conformidade co establecido no artigo 60 do RDL 3/2011.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que houberen participado na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresas, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto de empresas licitadoras.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto nos artigos 58, 72.2 e 84 do RDL 3/2011 e no artigo 9 do RD 1098/2001.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias, estarase ao disposto no artigo 55, e 72.3 do RDL 3/2011 e no artigo 10 do RD 1098/2001.

11. PUBLICIDADE.

O procedemento aberto ao que se refire este prego publicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia en extracto e no perfil do contratante, www.teo.gal segundo o establecido nos artigos 53 e 142 do RDL 3/2011.

12. GASTOS DE PUBLICIDADE.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos de publicidade da licitación ata un importe máximo de 600,00 €.

13. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Son os establecidos no **ANEXO V** do presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Empate:

No caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%.

No caso de que varias empresas se atopen nas circunstancias expresadas no apartado anterior, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña do maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

De persistir o empate, este desfarase mediante sorteo.

14. CONSULTA DE PREGOS E PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copia dos mesmos tanto no enderezo web: www.teo.gal como no Rexistro Xeral do Concello de Teo.

As consultas relacionadas co expediente de contratación realizaranse na secretaría xeral. Enderezo electrónico: secretaria@teo.gal.

A documentación para a licitación presentaranse en sobres pechados, identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que concorrán e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e con indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

As proposicións deberán presentarse no Rexistro do Concello, no **prazo de vinte (20) días naturais** a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou no DOG. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP, DOG e no perfil do contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos polos artigos 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións non sexan presentadas no Rexistro do Concello de Teo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, telegrama ou correo electrónico (secretaria@teo.gal) no mesmo día.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Non en tanto, transcorridos dez (10) días seguintes á indicada data sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por funcionario.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público das mesmas.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de ditas cláusulas, así como do Prego de Prescricións Técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

15. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE AS OFERTAS.

Presentaranse tres sobres pechados:

SOBRE A: DOCUMENTOS XERAIS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO POLO CONCELLO DE TEO PARA A CONTRATACIÓN DO "SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL, LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET, E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO".

Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 146 do RDL 3/2001, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

1º) Relación de documentos incluídos no sobre. Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciados numericamente.

2º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: As persoas físicas: copia auténtica do DNI, da alta réxime especial traballadores autónomos e da alta fiscal no IAE correspondente ao exercicio da actividade económica obxecto do contrato; os empresarios persoas xurídicas: a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

3º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder, debidamente verificado, outorgado a favor de quen subscriba a proposición, xunto cunha copia auténtica do DNI do ou dos apoderados. Admitiranse, ademais de verificacións da Secretaría da corporación; a achega da mera dilixencia de verificación do documento de representación poderá suplir á achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente ó representante e representado, a escritura de apoderamento, e que as facultades contidas na mesma son suficientes para o contrato ou contratos en cuestión. A presentación do poder, ou da dilixencia de verificación do mesmo, nos termos anteriormente indicados, suporá, para os efectos do establecido nos artigos 1.733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración da súa vixencia.

4º) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibición de contratar que incluírá a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta. A declaración axustarase ao modelo previsto como **ANEXO I /ANEXO II**.

5º) Acreditación da solvencia: Tendo en conta que non é esixible a clasificación dos empresarios, os licitadores acreditarán a **solvencia económica e financeira e a solvencia técnica** da seguinte forma:

- 1) A solvencia económica e financeira, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) do TRLCSP, en relación co artigo 11.4 a) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase indistintamente polo volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume dentro dos 3 últimos exercicios concluídos, por importe igual ou superior a unha vez e media do valor anual medio do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais do licitador aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil se o empresario estivese inscrito en dito rexistro e, no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro Mercantil.

- 2) A solvencia técnica e profesional, de acordo co establecido no artigo 78.1 a) do TRLCSP, en relación co artigo 11.4 b) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase mediante unha relación dos traballos relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos, da mesma natureza á que corresponde o obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Considerase que o licitador ten suficiente solvencia técnica cando o importe anual acumulado, no ano de maior volume de contratos, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

Non obstante o anterior, o empresario poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, indistintamente, mediante a súa clasificación no subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos enriba especificados.

No caso de que acredite a solvencia mediante a súa clasificación deberá presentar certificado de clasificación ou certificado expedido por Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas.

A clasificación esixida é a seguinte:

Grupo V; subgrupo 4; Categoría 1.

7º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

8º) Empresas que teñan no seu cadro de persoal persoas con diversidade funcional ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 4ª do TRLCSP, deberán aportar os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, teñen no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 4ª do TRLCSP.

9º) Certificacións de Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas e Certificados comunitarios de clasificación:

Os licitadores que acrediten circunstancias de personalidade xurídica, representación, clasificación ou solvencia mediante certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, ou mediante un certificado comunitario de clasificación deberán presentar a correspondente certificación expedida polo rexistro correspondente, así como unha declaración responsable asinada polo licitador na que manifieste que as circunstancias que figuran no correspondente certificado non experimentaron variación.

10º) Compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a súa solvencia técnica requirida na cláusula anterior os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente.

Segundo establece o artigo 151.2 o licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa será requirido polo órgano de contratación para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento presente a documentación xustificativa de dispoñer efectivamente dos medios que se houbera comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP.

11º) Certificación da Comisión do Mercado das Telecomunicacións da condición de operador que preste servizos de comunicación de datos e telefónica básica.

SOBRE B: "CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR"

A documentación do sobre B deberá presentarse en **formato dixital**.

A presentación dixital deberá reunir os seguintes requisitos:

1. Achegarase en documento non editable e en formato PDF ou similar e asinado dixitalmente.
2. O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa, a mención do sobre B e o nº de expediente.
3. Se o licitador achega documentos encriptados, deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abrílo.
4. Se utilizase formato distinto ao PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación.

Se non se facilitasen as claves de encriptación e/ou os programas citados no apartado anterior coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do correspondente sobre. En caso contrario, o licitador será excluído.

Neste sobre realizarase a oferta mediante a presentación dunha **memoria**, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios de valoración que figuran no apartado 1 do ANEXO V do presente prego (criterios subxectivos), e axustándose ao esixido no apartado 10 do prego de prescricións técnicas.

SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DEMAIS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE

Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, así como os demais criterios avaliados automaticamente.

A proposición axustarase ao modelo que figura como **ANEXO III** do presente prego.

16. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias seguiranse os criterios establecidos artigo 85 do RXLCAP.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes que, para o efecto, poidan asinar os técnicos municipais. Con anterioridade á emisión destes informes, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, que deberá presentar no prazo de 3 días hábiles e referirse aos termos sinalados no artigo 136.3 do TRLCSP. Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos mencionados, solicitados a tal efecto, estima que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo cos termos establecidos no artigo 152.4 do TRLCSP.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación.

17. CONFIDENCIALIDADE.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual xeito, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

18. REVISIÓN DE PREZOS.

Non se contempla.

19. MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación estará constituída do modo seguinte:

- Presidente: alcalde ou concelleiro que legalmente o substitúa.

- Vogais:

- D.^a Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello de Teo.

- D.^a Mónica Lado Varela, interventora do concello de Teo.

- D. Ignacio Soto González, Arquitecto do concello de Teo.

- D.^a Concepción García Vázquez, concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego.

- Un/ha concelleiro/a designado/a polo grupo mixto.

- Secretaria: D.^a Sandra M.^a García Chenlo, adxunta á secretaria do concello de Teo.

No caso de que algún dos membros da mesa non puidese asistir ás reunións desta, serán substituídos polos suplentes que se indican: a secretaria e a interventora polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan; o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal; a concelleira de administración, transportes, comercio, turismo e emprego, polo concelleiro de servizos básicos; o/a concelleiro/a do grupo mixto, por outro/a concelleiro/a designado polo mesmo grupo municipal e a secretaria da mesa, por un/unha funcionario/a municipal.

20. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas designaranse as persoas que compoñerán a Mesa de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda, apartado 10, do TRLCSP e no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146 do TRLCSP, realizarase pola mesa de contratación constituída para o efecto.

Se a mesa observase defectos ou omisións emendables, ou necesitase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achega doutros complementarios, para os efectos previstos nos artigos 72 a 82 do TRLCSP, poderá conceder un prazo non superior a tres (3) días hábiles, o que se lle comunicará aos interesados vía fax ou a través de correo electrónico.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e corrixidos, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada a mesa, en acto público, indicará os licitadores que foron admitidos e non admitidos e procederá a apertura dos SOBRES B.

Para a valoración das ofertas, a Mesa de Contratación poderá recadar os informes ou aclaracións que estime oportunos, tanto dos técnicos municipais como de técnicos externos.

Emitido/s o/s informe/s, convocarase novo acto público no que se informará do resultado da valoración dos SOBRES B e procederase a realizar a apertura das ofertas económicas dos SOBRES C, que non fosen excluídas. A convocatoria do novo acto público realizarase no perfil do contratante.

A Mesa de Contratación valorará os aspectos das ofertas avaliábeis coas fórmulas automáticas establecidas no prego, ben no mesmo acto público ou interrompendo este polo tempo mínimo necesario para realizar os cálculos correspondentes. Continuará, se é o caso, o acto público no que se dará conta dos criterios avaliábeis automaticamente e a puntuación global outorgada a cada oferta.

A Mesa clasificará, por orden decrecente en función da valoración obtida por cada unha, as proposicións presentadas e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta economicamente máis vantaxosa. Esta proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor del contratista ou contratistas incluídos nela.

Todo iso sen prexuízo da potestade do órgano de contratación de solicitar, antes de adxudicar o contrato, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego, tal e como prevén os artigos 151 e 160 do TRLCSP.

21. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

De acordo co artigo 151.1, o órgano de contratación clasificará por orden decrecente as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais.

Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

O órgano de contratación requirirá ao **licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa** para que, dentro do prazo de **dez (10) días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.
- Orixinal ou copia compulsada da Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- No seu caso, compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución.

Igualmente, no caso de ter presentado declaración responsable substitutiva, deberá achegar a **documentación a que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP.**

No caso de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Segundo o establecido no artigo 151.3 do TRLCSP o **órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes** ao da recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificaráselle aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. Tanto a notificación como a publicación no perfil do contratante indicarán o prazo no que debe procederse á súa formalización, conforme ao artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario.

22. PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización.

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos, En ningún caso se poderán incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización deberá efectuarse non máis tarde **dos quince (15) días hábiles seguintes** a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113 da Lei.

O presente prego, o prego de prescricións técnicas e a oferta revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste, así como a incautación da garantía provisional, no caso en que fora esixible a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 156.4 do TRLCSP. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

23. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme establece o artigo 52 do TRLCSP.

A designación ou non de responsable non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato.

24. PRAZOS.

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se tiveran establecido.

25. CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e con plena satisfacción do Concello, a totalidade do seu obxecto.

26. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 222 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de servizos nos artigos 308 e 309 do dito corpo legal, así coma nos artigos 109 e 113 do RLXCAP.

En todo caso, para o suposto de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 225 do TRLCSP.

27. PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía queda supeditado ao prazo de duración do contrato.

28. OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS DO CONTRATISTA.

O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. O dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo o Concello completamente alleo ás devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista, ou a infracción das disposicións vixentes sobre seguridade e saúde por parte do persoal técnico designado polo contratista, non implicará responsabilidade algunha para o Concello.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, á substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

29. GASTOS, LICENZAS E TAXAS.

Serán de conta do contratista as licenzas, visados, impostos e taxas de toda índole devengadas ou que poidan devengarse pola execución do contrato.

30. RISCO E VENTURA.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista. Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, que non sexan imputables ao Concello e non teñan a consideración de forza maior.

31. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

O contratista será o responsable da calidade técnica dos bens que entregue, dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

32. PROPIEDADE INDUSTRIAL E COMERCIAL.

O contratista, para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos necesarios para a execución do contrato, deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fábrica correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos se os houbera.

O contratista será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial dos materiais, subministracións, procedementos e equipos utilizados na execución do contrato, e deberá indemnizar ao Concello todos os danos e prexuízos que para o mesmo poidan derivarse da interposición de reclamacións.

33. CONFIDENCIALIDADE DE DATOS.

A empresa adjudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto.

A entidade adjudicataria estará obrigada ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do contrato se realizará de conformidade coas instrucións do Concello de Teo e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, o Real Decreto 1720/2007, de 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento e no Real Decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal. Será así mesmo de aplicación a Disposición adicional trixésimo primeira da LCSP. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os seus técnicos serán responsables das infraccións que se deriven del.

O contratista comprométese explicitamente a formar e informar ao seu persoal das obrigas establecidas nesta cláusula e nas que nela se citan. No caso de incumprimento do estipulado a empresa contratante e os seus técnicos serán responsables das infraccións que del se deriven.

34. XURISDICIÓN.

Este contrato de servizos ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, se é o caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de

desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso - administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

Teo, 26 de febreiro de 2018

O alcalde

Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS

DATOS DO DECLARANTE	
Nome e apelidos	NIF
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.
Localidade	Provincia
Tlf.-	Fax.
Correo-e:	

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de referencia.

Que dispoño que da solvencia/clasificación esixidas para a execución do contrato.

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

3º.- Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non teño pendente de pagamento ningunha débeda co Concello de Teo.

4º.- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

5º.- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

6º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes indicados como mínimos, no seu caso, no prego de prescricións técnicas e a mantelos durante o tempo de execución do contrato.

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

8º.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato,

con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

9º.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no enderezo de correo electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

10º.- Que o número global de traballadores é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade é do _____ %

11º.- Que coñece e acepta o pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de condicións técnicas que serven de base ao contrato.

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, de de 2018

Asdo.:



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS

DATOS DO DECLARANTE		
Nome e apelidos	NIF	
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.	
Localidade	Provincia	
Tlf.-	Fax.	
Entidade mercantil á que representa	Cargo	CIF
Correo-e:		

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de

O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo.....dos seus estatutos sociais, os cales que se encontran debidamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á empresa neste procedemento de contratación.

3º (Marcar o que proceda)

Que dita empresa dispón da clasificación/solvencia requirida para dita contratación.

Que dita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación/solvencia establecidos para concorrer a dita contratación, completándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE no caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (neste caso a declaración ha de ser subscripta por cada unha das empresas que integrarán a UTE).

Dispoñendo dos medios externos para executar as prestacións seguintes:.....
Ditos medios externos consisten en.....e serán aportados por.....
A tal efecto subscribirase por dita empresa un

4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incursos en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de contratos do sector público.



5º.- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non ten pendente de pagamento ningunha débeda co Concello de Teo.

6º.- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

7º.- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

8º.- No seu caso, que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica e que as circunstancias da entidade que nel figuran son exactas e non experimentaron variación:

Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado	(núm.)
Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia	(núm.)
Rexistro de documentación de contratistas da Deputación de A Coruña	(núm.)

9º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes indicados como mínimos no prego prescricións técnicas e a mantelos no tempo de execución do contrato.

10º.- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do RDLex. 3/2011 e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vencelladas, a entidade mercantil á que represento (marcar):

Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:.....

A empresa, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 152 do RDLex. 3/2011, comprométese a achegar a documentación que lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

11º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medioambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

12º.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

13º.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no enderezo de correo electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

14º.- Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

15º.- Que coñece e acepta o pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de condicións técnicas que serven de base ao contrato.

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, de de 2018

Asdo.:
Selo da empresa



ANEXO III

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DEMAIS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

A persoa que abaixo asina D/D^a _____, maior de idade, con D.N.I. núm. _____ e domicilio para os efectos de notificacións en _____, en nome propio (ou en representación de _____, con C.I.F. _____), participa no procedemento para a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E AS LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO,

E FAI CONSTAR:

1º Que coñece e acepta plenamente todas as cláusulas do prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e todas as demais obrigas que se deriven dos restantes documentos contractuais, incluído o cumprimento das obrigas sociais, laborais e fiscais legalmente establecidas.

2º Que se compromete a executar o contrato de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobados polo Concello para a execución dos devanditos traballos, nas seguintes condicións:

2.1 OFERTA ECONÓMICA:€/anuais (letra e número)
e..... €/anuais (letra e número) de IVE.

2.2 CAUDAL DE CONEXIÓN A INTERNET NAS SEDES DO CONCELLO DE TEO:

2.2.1 Sedes externas:

CENTRO	VELOCIDADE DE BAIXADA
SEDES EXTERNAS (EXISTENTES)	VELOCIDADE DE BAIXADA OFERTADA
Nave de obras/Protección Civil	
Mediateca do Grilo	
Casa Común de Oza	
Pantalla Led	
Casa Común de Cacheiras	
Nave de Augas Cacheiras	
CEIP Tilos	
Medioteca Os Tilos	
Buxo os Tilos. Banco de Ordenadores	
Casa Común de Bamonde	
SEDES EXTERNAS (NOVAS)	VELOCIDADE DE BAIXADA OFERTADA
Escola Infantil de Ramallosa	
Espazo Traballo Colaborativo Solláns	
Casa Común de Rarís	





CENTRO	VELOCIDADE DE SUBIDA
SEDES EXTERNAS (EXISTENTES)	VELOCIDADE DE SUBIDA OFERTADA
Nave de obras/Protección Civil	
Mediateca do Grilo	
Casa Común de Oza	
Pantalla Led	
Casa Común de Cacheiras	
Nave de Augas Cacheiras	
CEIP Tilos	
Mediateca Os Tilos	
Buxo os Tilos. Banco de Ordenadores	
Casa Común de Bamonde	
SEDES EXTERNAS (NOVAS)	VELOCIDADE DE SUBIDA OFERTADA
Escola Infantil de Ramallosa	
Espazo Traballo Colaborativo Solláns	
Casa Común de Rarís	

2.2.2 Sede principal:

CENTRO	VELOCIDADE DE BAIXADA OFERTADA
SEDE PRINCIPAL	
Casa do Concello	
Auditorio	
Edificio da policía	

CENTRO	VELOCIDADE DE SUBIDA OFERTADA
SEDE PRINCIPAL	
Casa do Concello	
Auditorio	
Edificio da policía	



2.3 Melloras:

2.3.1 Servizo WIFI en SEDES WIFI: (marcar si ou non, segundo oferten)

SEDES WIFI (MELLORAS)	SI OFERTO	NON OFERTO
Praza Braña dos Alféreces		
Pistas deportivas		
Praza circular dos Tilos		
Parque da Igrexa en Calo		

2.3.2 Servizo de Backup na nube: (marcar si ou non, segundo oferten)


Backup na nube	SI OFERTO	NON OFERTO
Servizo de backup na nube		

En,....., dede 2018
Lugar, data, e firma (lexible).
Asdo.: Don/a (selo da empresa, se é o caso).

ANEXO IV: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

EXPEDIENTE: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA E MÓBIL E AS LIÑAS DE DATOS PARA ACCESO A INTERNET E CREACIÓN E MANTEMENTO DAS INFRAESTRUCTURAS PARA A CORRECTA PRESTACIÓN DO SERVIZO, NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE TEO.	
ENTIDADE ADXUDICADORA: CONCELLO DE TEO	
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE TEO	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: ALCALDÍA
	Núm.de Expediente: S-2/2018
	Tipo de Procedemento: Aberto
	Tipo de contrato: Servizos
	Tramite: Ordinario
	Criterios adxudicación: Varios
A) OBXECTO DO CONTRATO (CPV-CPA):	Contratar o servizo de telefonía fixa e móbil e as liñas de datos para acceso a internet, nas instalacións dependentes do Concello de Teo, de acordo co establecido no Prego de Prescricións Técnicas. CPV: 64200000-8 Servizos de telecomunicacións. 64210000-1- Servizos telefónicos e de transmisión de datos. 64212000-5 Servizos de telefonía móbil. 72400000-4 Servizos de internet.
B) ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN:	60.000,00 € anuais con IVE
C) APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS:	2018 920/222.00
D) REVISIÓN DE PREZOS:	Non se contempla a revisión de prezos
E) MESA DE CONTRATACIÓN:	COMPOSICIÓN: Segundo o previsto na cláusula 19 do presente prego.
F) FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:	CONSULTA: No perfil do contratante www.teo.gal Cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Administración, estarán a disposición dos licitadores, para o seu exame, nos días laborables durante as horas hábiles de oficina. LUGAR DE PRESENTACIÓN: Rexistro do Concello de Teo.
G) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:	Vinte (20) días naturais contados dende o seguinte o da publicación do último anuncio no BOP ou no DOG. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.
H) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:	Segundo ANEXO V do presente prego

I) PRAZO DE EXECUCIÓN	3 anos prorrogables por 1 ano máis.
L) GASTOS PUBLICIDADE LICITACIÓN:	Por conta do adxudicatario, ata 600 €.
M) PRAZO DE GARANTÍA:	Queda supeditado á duración do contrato
N) GARANTÍAS:	PROVISIONAL: Non se esixe. DEFINITIVA: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.
Ñ) CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA:	Non se esixe. A efectos substitutivos da solvencia: Grupo V. Subgrupo 4. Servizos de telecomunicacións. Categoría 1.
O) PAGAMENTO DO CONTRATO	O pagamento realizarase, mediante factura mensual expedida en legal forma, previamente aprobada polo órgano competente do Concello. De conformidade co establecido na disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, a factura presentarase no Rexistro Municipal de facturas ou no Rexistro electrónico (FACE) e, en todo caso, indicará con claridade os seguintes datos: ENTIDADE LOCAL: Concello de Teo NIF P1508300-I ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Alcalde IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE: Intervención CÓDIGO DE EXPEDIENTE: S-2/2018



ANEXO V
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

1. CRITERIOS SUBXECTIVOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR : ATA UN MÁXIMO DE 30 PUNTOS

As características técnicas da memoria detállanse nos diferentes apartados do Prego de Prescricións Técnicas, realizarase a puntuación do seguinte xeito:

Parámetros avaliados	Calidade da proposta	Puntuación segundo calidade
Funcionalidades e calidade da solución de telefonía IP. Teranse en conta para avaliación deste apartado as funcionalidades e escalabilidade da centraliña de VoIP, os terminais telefónicos propostos, as funcionalidades do sistema de gravación de chamadas, a solución de fax electrónico e as características dos switches PoE.	Moi boa	6 puntos
	Boa	4 puntos
	Regular	2 puntos
Funcionalidades e calidade da solución wifi. Valorarase a arquitectura proposta, a escalabilidade da solución, a solución para a autenticación de usuarios invitados, as características dos puntos de accesos, a cobertura wifi en cada centro.	Moi boa	6 puntos
	Boa	4 puntos
	Regular	2 puntos
Funcionalidades e calidade da solución técnica de seguridade e adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade. A valoración realizarase en base ao rendemento do firewall proposto e as suscripcións de seguridade incluídas, cumprindo co Esquema Nacional de Seguridade.	Moi boa	6 puntos
	Boa	4 puntos
	Regular	2 puntos
Calidade da solución de telefonía móbil. Teranse en conta as características dos terminais móbiles ofertados, a cobertura garantida polo licitador no termo español e no termo municipal do Concello de Teo e as tarifas ofertadas.	Moi boa	6 puntos
	Boa	4 puntos
	Regular	2 puntos
Calidade do plan de execución do proxecto e formación. Valorarase a metodoloxía e os procedementos de traballo propostos (organización do proxecto, plan de implantación, plan de migración, plan de xestión, plan e niveis de calidade, informes e recursos adicados ao proxecto) así como o tempo de execución, o plan de formación proposto e a duración da formación ao persoal do Concello	Moi boa	6 puntos
	Boa	4 puntos
	Regular	2 puntos

2. CRITERIOS OBXECTIVOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE: ATA UN MÁXIMO DE 70 PUNTOS.

2.1 Proposición económica: ata un máximo de 30 puntos.

Para a valoración da oferta económica empregarase a seguinte fórmula:

$$P(i) = \frac{OBL - Of(i)}{OBL - Om} \times 30$$

Onde:

$P_{(i)}$ = Puntuación da oferta i

OBL= Orzamento base de licitación

Of_(i) = Oferta i

Om= Oferta máis favorable

2.2 Caudal de conexión a internet nas sedes do concello de Teo: Ata un máx. de 24 puntos.

2.2.1 Sedes externas: Ata un máximo de 19,5 puntos.

CENTRO	VELOCIDADE DE BAIXADA MÍNIMA ESIXIDA
SEDES EXTERNAS (EXISTENTES)	VELOCIDADE BAIXADA
Nave de obras/Protección Civil	3Mb
Mediateca do Grilo	20Mb
Casa Común de Oza	20Mb
Pantalla Led	300Mb
Casa Común de Cacheiras	20Mb
Nave de Augas Cacheiras	20Mb
CEIP Tilos	20Mb
Mediateca Os Tilos	300Mb
Buxo os Tilos. Banco de Ordenadores	150Mb
Casa Común de Bamonde	3Mb
SEDES EXTERNAS (NOVAS)	VELOCIDADE BAIXADA
Escola Infantil de Ramallosa	100Mb
Espazo Traballo Colaborativo Solláns	300Mb
Casa Común de Rarís	100Mb

CENTRO	VELOCIDADE DE SUBIDA MÍNIMA ESIXIDA
SEDES EXTERNAS (EXISTENTES)	VELOCIDADE DE SUBIDA
Nave de obras/Protección Civil	0,1Mb
Mediateca do Grilo	0,8Mb
Casa Común de Oza	0,8Mb
Pantalla Led	30Mb
Casa Común de Cacheiras	0,8Mb
Nave de Augas Cacheiras	0,8Mb
CEIP Tilos	0,8M b
Mediateca Os Tilos	30Mb
Buxo os Tilos. Banco de Ordenadores	10Mb
Casa Común de Bamonde	0,3Mb
SEDES EXTERNAS (NOVAS)	VELOCIDADE DE SUBIDA
Escola Infantil de Ramallosa	10Mb
Espazo Traballo Colaborativo Solláns	30Mb
Casa Común de Rarís	10Mb

Empregarase o seguinte criterio de valoración por cada sede externa:

- Velocidade de subida: ata 0,5 puntos por sede:
 - o Puntuarase con 0 puntos a oferte que non amplíe a velocidade de subida respecto do mínimo esixido.
 - o Puntuarase con 0,5 puntos a oferta que propoña a velocidade de subida máis favorable.
 - o Aplicaranse para o resto de ofertas regras de proporcionalidade matemática de acordo coa seguinte fórmula:

$$P(i) = \frac{Vs(i) - Vs\text{mín}}{Vsm - Vs\text{mín}} \times 0,5$$

Onde:

P(i)= Puntuación da oferta i

Vs(i)= Velocidade de subida ofertada por i

Vsmín.= Velocidade de subida esixida como mínima

Vsm= Velocidade de subida máis favorable

- Velocidade de baixada: ata 1 punto por sede:
 - o Puntuarase con 0 puntos a oferte que non amplíe a velocidade de baixada respecto do mínimo esixido.
 - o Puntuarase con 1 punto a oferta que propoña a velocidade de baixada máis favorable.
 - o Aplicarase para o resto de ofertas regras de proporcionalidade matemática de acordo coa seguinte fórmula:

$$P(i) = \frac{Vb(i) - Vb\text{mín}}{Vbm - Vb\text{mín}} \times 1$$

Onde:

P(i)= Puntuación da oferta i

Vb(i)= Velocidade de baixada ofertada por i

Vb mín.= Velocidade de baixada esixida como mínima

Vbm= Velocidade de baixada máis favorable

2.2.2 Sede principal. Ata un máximo de 4,5 puntos.

CENTRO		VELOCIDADE DE BAIXADA MÍNIMA ESIXIDA
SEDE PRINCIPAL	Casa do Concello	300Mb
	Auditorio	
	Edificio da policía	

CENTRO		VELOCIDADE DE SUBIDA MÍNIMA ESIXIDA
SEDE PRINCIPAL	Casa do Concello	300Mb
	Auditorio	
	Edificio da policía	

Empregarase o seguinte criterio de valoración para a sede principal:

- Velocidade de subida: ata 1,5 puntos:

- o Puntuarase con 0 puntos a oferte que non amplíe a velocidade de subida respecto do mínimo esixido.
- o Puntuarase con 1,5 puntos a oferta que propoña a velocidade de subida máis favorable.
- o Aplicaranse para o resto de ofertas regras de proporcionalidade matemática de acordo coa seguinte fórmula:

$$P(i) = \frac{Vs(i) - Vs\ mín}{Vsm - Vs\ mín} \times 1,5$$

Onde:

P(i)= Puntuación da oferta i

Vs(i)= Velocidade de subida ofertada por i

Vs mín.= Velocidade de subida esixida como mínima

Vsm= Velocidade de subida máis favorable

- Velocidade de baixada: ata 3 puntos.

- o Puntuarase con 0 puntos a oferte que non amplíe a velocidade de baixada respecto do mínimo esixido.
- o Puntuarase con 3 puntos a oferta que propoña a velocidade de baixada máis favorable.
- o Aplicarase para o resto de ofertas regras de proporcionalidade matemática de acordo coa seguinte fórmula:

$$P(i) = \frac{Vb(i) - Vb\ mín}{Vbm - Vb\ mín} \times 3$$

- Onde:

- P(i)= Puntuación da oferta i

- Vb(i)= Velocidade de baixada ofertada por i

- Vb mín.= Velocidade de baixada esixida como mínima

- Vbm= Velocidade de baixada máis favorable



2.3 Servizo WIFI en SEDES WIFI. Ata un total de 12 puntos.

No apartado 4.7 de Melloras do Prego de Prescricións Técnicas indícase a posibilidade de dar acceso WIFI ás seguintes sedes/localizacións segundo as condicións técnicas descritas en dito apartado.

SEDES WIFI (MELLORAS)	SI OFERTO / NON OFERTO
Praza Braña dos Alféreces	
Pistas deportivas	
Praza circular dos Tilos	
Parque da Igrexa en Calo	

Empregarase o seguinte criterio de valoración:

Outorgaranse 3 puntos por cada sede/localización que se dote con cobertura WIFI pública,

outorgando 0 puntos no caso contrario.

2.4 Servizo de Backup na nube. Ata un total de 4 puntos.

No apartado 4.7 de Melloras do Prego de Prescricións Técnicas, indicase a posibilidade de proporcionar un servizo de backup nas condicións técnicas descritas en dito apartado.

BACKUP NA NUBE	ESPAZO OFERTADO	PUNTUACIÓN
Servizo de backup na nube	2 Tb	1 punto
	3 Tb	2 puntos
	4 Tb	3 puntos
	5 Tb	4 puntos

Empregarase o seguinte criterio de valoración:

Outorgaranse ata un máximo de 4 puntos en función do espazo dispoñible na nube, segundo a táboa anterior.

DILIXENCIA.- Que estendo eu, secretaria Xeral do Concello, para facer constar que o presente Prego de Cláusulas, cos seus correspondentes anexos, composto de 27 folios, numerados, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 27 de febreiro de 2018

Teo, a 27 de febreiro de 2018

A secretaria Xeral

Virginia Fraga Díaz

Secretaría
TEO, (A CORUÑA)